

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 11 DE NOVEMBRO DE 2016**

**LICENZAS**

**FAVORABLES.-**

**LIC/1775/2015.- ALEJANDRO REGALADO JUANATEY.-** Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en lugar de Silvouta – Polígono 502 Parcela 169 – Tortas.

**LIC/508/2013.- CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.-** Conceder licenza para executar as obras de restauración da fachada do Obradoiro – Restauración nas Torres en Praza do Obradoiro – Catedral.

**LIC/490/2015.- MANUEL RAMON GIAO LÓPEZ.-** Conceder licenza para a construción dun galpón destinado a almacén para apoio a explotación gandeira en lugar de San Marcos – Silvosa Polig. 72 Parcela 92.

**LAP/374/2012.- VISONES BARBA S. L.-** Conceder licenza para legalización das obras de acondicionamento (LIC/1865/2012) e da actividade (LAP/346/2012) dedicada a cría e cebo de visóns situado no lugar de San Marcos.

**LAP/42/2014.- EXPLOTACIÓN GANDEIRA REY, S. C.-** Estimar o recurso presentado contra o acordo de declaración de caducidade de licenza da Xunta de Goberno Local de data 12/02/2016 e conceder licenza para legalización das obras de ampliación e rehabilitación da explotación de ganado vacún no lugar de Vilamaior, 16 – Lavacolla.

**LIC/1740/2015.- JOSE RIOS LIÑARES.-** Conceder a licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en lugar de Ponte Alvar nº 5.

**LIC/199/2015.- MIGUEL VIDAL MOREIRAS.-** Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada en rúa Vite de Abaixo.

**LIC/1413/2016.- FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.-** Conceder licenza para executar as obras de restauración de fachada, cripta e terraza do obradoiro en Praza do Obradoiro nº 3.

**LIC/1414/2016.- FUNDACION CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.-** Conceder a licenza para executar as obras de reparación en cúpula e lanterna da Torre do Reloxo en Praza do Obradoiro nº 3.

**PARCELACION.-**

**LIC/778/2014.- PILAR CARBALLEIRO GIGIREY.-** Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura e conceder a licenza de parcelamento dunha parcela sita en lugar de Aldea de Abaixo – Polígono 511 – Parcela 739.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a desconsignación prezo xusto Parcela 1, edificio nº 235 da Avda. de Lugo. Apróbase a proposta.**

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Silvouta-Polígono 502 Parcela 169-Tortas. LIC/1775/2015. Apróbase a proposta.**

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de restauración da fachada do Obradoiro-Restauración nas Torres en Praza do Obradoiro-Catedral. LIC/508/2013. Apróbase a proposta.**

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a construción dun galpón destinado a almacén para apoio a explotación gandeira no lugar de San Marcos-Silvosa-Políg. 72**

Parcela 92.- LIC/490/2015. Apróbese a proposta.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para legalización das obras de acondicionamento e da actividade dedicada a cría e cebo de visóns situado no lugar de San Marcos. LAP/374/2012. Apróbese a proposta.**

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á estimación de recurso presentado contra acordo de declaración de caducidade de licenza. LAP/42/2014. Apróbese a proposta.**

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Ponte Alvar, nº 5. LIC/1740/2015. Apróbese a proposta.**

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada na rúa Vite de Abaixo. LIC/199/2015. Apróbese a proposta.**

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de restauración de fachada, cripta e terraza do obradoiro en Praza do Obradoiro, nº 3. LIC/1413/2016. Apróbese a proposta.**

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reparación en cúpula e lanterna da Torre do Reloxo en Praza do Obradoiro , nº 3. LIC/1414/2016. Apróbese a proposta.**

**12.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á cesión de viario formalizada en escritura e conceder a licenza de parcelamento dunha parcela sita en lugar de Aldea de Abaixo-Polígono 511-Parcela 739. LIC/778/2014. Apróbese a proposta.**

**13.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á xustificación do 1º prazo do convenio asinado entre o Concello de Santiago e o OBRADOIRO CAB, S.A.D. Apróbese a xustificación presentada polo Obradoiro CAB para este primeiro prazo, o que supón o pago de 47.000 euros. A contía total da achega é de 65.000 euros.**

**14.- Proposta da concelleiro delegado de Deportes relativa á xustificación do 1º prazo do convenio asinado entre o Concello de Santiago e o CLUB ARTEAL TENIS DE MESA. Apróbese a xustificación presentada polo Arteal Tenis de Mesa para este primeiro prazo, o que supón o pago de 7.200 euros. A contía total da achega é de 9.000 euros.**

**15.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o CLUB SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA. Apróbese o convenio, no que se recolle unha subvención nominativa de 65.000 euros.**

**16.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deportes e Benestar Animal relativa ao rexeitamento do recurso de reposición interposto pola empresa ATLANTIC PONTE SLU contra acordo da Xunta de Goberno de data 12.08.2016, de adxudicación da xestión de actividades no Centro Xove de Creación Cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela. Rexéitase o recurso de reposición interposto por Atlantic Ponte SLU contra o acordo de adxudicación da xestión de actividades no Centro Xove de Creación Cultural e Locais Municipais de Música a favor da empresa Serviplus total SL.**

**18.- Proposta da concelleira delegada de Xuventude relativa á aprobación do expediente, gasto e a apertura do procedemento de adxudicación do "Subministro e instalación do sistema de climatización do Centro Xove de Creación Cultural". Apróbese a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 24.720,60 euros, máis IVE de 5.191,33 euros.**

**19.- Posta en coñecemento do informe da interventora en relación a información orzamentaria 3º trimestre 2016. Dase conta.**

**20.- Recoñecemento de obrigas.** Apróbase a proposta.

**21.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á prórroga do contrato de aluguer de local sito na rúa Santa Cristina, nº 22 baixo, para uso como Centro Sociocultural na zona da Cidade Histórica.** Acórdase prorrogar o contrato de aluguer do local polo prazo de sete meses a contar desde o 1 de decembro de 2016 ata o 30 de xuño de 2017, e por un importe de 953,82 euros mensuais.

**22.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a SALA CAPITOL.** Apróbase o convenio, que supón unha achega de 12.000 euros á Sala Capitol.

**23.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a ASOCIACIÓN CULTURAL CIDADE VELLA.** Apróbase a inclusión da cafetería A Gramola no texto do convenio entre o Concello e a Asociación Cultural Cidade Vella aprobado o 14 de outubro, despois de que se levantara a orde de peche que lle afectaba ao establecemento.

**24.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a AGRUPACIÓN CANTIGAS E AGARIMOS.** Apróbase o convenio, que implica unha subvención directa de 3.500 euros.

**25.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación do texto do Convenio coa USC para a realización dunha unidade didáctica e itinerario sobre a II República en Compostela.** Apróbase o convenio, que supón unha achega do Concello de 4.000 euros.

**26.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación do texto do Convenio co IES Rosalía de Castro para o financiamento do Bacharelato Internacional do IES ROSALÍA DE CASTRO. ANO 2016.** Apróbase o convenio, que supón unha achega do Concello de 6.208 euros.

**27.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación do CONVENIO DE COLABORACIÓN CON MERCADO DE ABASTOS S.COOP. G. PARA DINAMIZACION DA PRAZA DE ABASTOS. ANO 2016.** Apróbase o convenio, que supón unha achega do Concello de 10.000 euros.

**28.- Proposta da alcaldía relativa á devolución de fianza.** Apróbase a proposta.

## **URXENCIAS**

**1.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa ao traspaso da caseta da Praza de Abastos número CE024.** Apróbase a proposta.

**2.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación dun protocolo de colaboración para a organización da campaña “25N en Negro contra a Violencia”.** Apróbase a proposta.

**3.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á modificación das bases reguladoras da convocatoria de axudas para actividades de promoción e dinamización comercial 2016. Ampliación do prazo de xustificación.** Acórdase modificar as bases reguladoras da convocatoria, de xeito que a data límite de xustificación será o 30 de novembro de 2016 (inicialmente estaba previsto o 15 de novembro)

**4.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á resolución da convocatoria de axudas para actividades de promoción e dinamización comercial 2016. Resolución de concesión.** Apróbase a concesión das seguintes subvencións:

\_ Santiago Centro: 22.385 euros

\_ Compostela Monumental: 22.523,48 euros

\_ Em-Rede: 2.653,58 euros

\_ Federación de Libreiros de Galicia: 1.987,9 euros

**5.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á Subscrición de póliza de seguro para cobertura dos riscos por respobnsabilidade civil-patrimonial do Concello de Santiago.** Acórdase adxudicar o contrato de referencia á empresa Segurcaixa Adelas SA, por un importe de 62.483,71 euros/ano, exento de IVE.

**6.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do proxecto modificado das obras da rúa de Montero Ríos.** Apróbase o proxecto modificado das obras de humanización da rúa Montero Ríos, por un importe de 1.452.429,89 euros (IVE aparte de 305.010,28 euros) adxudicando a súa execución á empresa Xestión Ambiental de Contratas S.L, contratista da obra principal, resultando unha vez aplicada a baixa un presuposto de adxudicación de 1.108.639,73 euros (IVE aparte de 323.814,34 euros) o que supón unha variación económica do 9,88% sobre o proxecto inicialmente aprobado e contratado. O prazo para a execución deste proxecto modificado é de 16 semanas, a contar desde o 14 de novembro, data de finalización do prazo inicialmente previsto.

**7.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía sobre o nomeamento dos representantes municipais nos Consellos Escolares de Centros.** Apróbase a proposta.

**8.-Proposta relativa ao expediente de aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago e a Universidade de Santiago para a realización de actividades co motivo do fomento da memoria democrática e a lembranza do golpe de Estado de 1936.** Apróbase o convenio, que supón unha achega do Concello de 18.000 euros.

**9.-Resolución de discrepancia por reparos.** Apróbase a proposta.

**10.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns relativa ao convenio de colaboración para o financiamento dun aparcamento e zona de servizo na parcela EQ-1 do Parque Empresarial da Sionlla.** Apróbase a proposta